



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 6 DE AGOSTO DE 2015
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro en funcións de Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. ROMÁN SUÁREZ PORTO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
D. LUIS RENDO ARAUJO
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA
Concelleiro
DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS
Concelleira

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS
Concelleira

GRUPO BNG

SECRETARIA ACCTAL.

DNA. M^a JESÚS FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN Á SESIÓN

D. JOSÉ C. LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro do BNG

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día seis de agosto de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde en funcións D. Juan M. Constenla Carbón, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria de organización, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria Accidental, Dna. M^a Jesusa Fernández Bascuas.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde en funcións dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1°.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE DESAFECTACIÓN DE TERREO DEMANIAL RADICADO EN FIGUEROA DE ARRIBA, PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO PARCELA SOBRANTE, INTERESADA POR D. MANUEL FUENTES MARTÍNEZ; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 30-07-2015.

2°.- EXPEDIENTE DE DESOCUPACIÓN DE CAMIÑO COMUNAL INDEBIDAMENTE INVADIDO EN A SOMOZA - CASTRO RAMIRO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 30-07-2015.

3°.- EXPEDIENTE N° 1/2015 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 30-07-2015.

4°.- MOCIÓN DE GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE APOIO Á REIVINDICACIÓN DOS TRABALLADORES LOCAIS DE CORREOS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMACIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-07-2015.

5°.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE CONTRA O ACORDO ADOPTADO NA SESIÓN PLENARIA DE 18 DE XUÑO DE 2015, RELATIVO Á DISTRIBUCIÓN DOS VOGAIS PARA A CONSTITUCIÓN DO PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMACIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-07-2015.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

6º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2015 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO PROCEDIMENTO DE DESAFECTACIÓN DE TERREO DEMANIAL RADICADO EN FIGUEROA DE ARRIBA, PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO PARCELA SOBRANTE, INTERESADA POR D. MANUEL FUENTES MARTÍNEZ; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 30-07-2015.

Sr. Juan M. Constenla, Alcalde en funcións: Vamos a dar comezo ao Pleno ordinario do mes de xullo co seguinte Orde do Día, punto número 1, aprobación inicial, se procede, de procedemento de desafectación de terreo demanial radicado en Figueroa de Arriba, para a súa cualificación como parcela sobrante, interesada por D. Manuel Fuentes Martínez, segundo Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente de 30-07-2015.

Este é a iniciación dun expediente de desafectación dunha parcela sita en Figueroa de Arriba a favor de D. Manuel Fuentes Martínez; non é a favor, é iniciación para poñer todo a disposición pública e empezar todos os trámites pertinentes para levar a cabo a desafectación desta parcela.

Hai algunha...?, pois se non hai ningunha intervención procedemos á votación. Votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS** :

Vista a proposta formulada en data 09-06-2015 polo Alcaldía-Presidencia, previa fiscalización por parte da Intervención municipal, relativa á aprobación inicial do procedemento de desafectación de terro demanial radicado en Figueroa de Arriba, para a súa cualificación como parcela sobrante; interesada por D. Manuel Fuentes Martínez.

Visto que, en data 25-02-2014, D. Manuel Fuentes Martínez solicitou a desafectación do terreo radicado onde se atopaba a fosa séptica de Figueroa de Arriba (ref. cat. 1872005NH4217S0001BB), para a súa posterior compra-venda como parcela sobrante, co obxecto de agregala á finca colindante da súa propiedade.

Visto o artigo 5 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, determinando que os bens demaniais son inalienables, de xeito que, espilos desta cualidade esixirá a tramitación dun expediente de alteración da súa cualificación xurídica acreditando a súa oportunidade e legalidade (artigo 8 RB e 269 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia - en adiante LALGA-).

Vista a oportunidade e o proveito para o Concello xustificada/o nos informes do Perito Agrícola Municipal que se citarán.

Visto que, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, aplicable ás Entidades Locais en virtude do consagrado no seu artigo 2.3 máis a Disposición Final II, unha vez desafectado o ben demanial, o seu alleamento pode ter lugar mediante venda

directa aos propietarios colindantes interesados, se aquel se houberse declarado parcela sobrante debido á súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, ou debido a que non fose susceptible do uso axeitado (inproveitable), como así semella motivalo o Perito Agrícola Municipal nos seus informes (artigos 8 e 155 RB; 268 e 277 LALGA).

Visto que, en data 05-02-2015 (completado/corrixido por outro de data 16-04-2015), o Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) emitiu informe favorable, sinalando substancialmente que:

a) se trata dun anaco que se pode considerar en desuso; non presta servizo; está totalmente inutilizado; pode considerarse parcela sobrante,...

b) o valor do terreo na zona estímase en 22,05 €/m², co que a superficie de 899,00 m² supoñería un importe de 19.822,95 euros.

c) determínanse as leiras colindantes, superficies, etc.

Visto que, dos informes elaborados polo Perito Agrícola Municipal, resultaría que o terreo público a desafectar e vender se identificaría coa seguinte referencia catastral e descrición (1872005NH4217S0001BB):

Superficie	Leiras colindantes
899,00 m ²	Norte, finca ref. cat. n° 1872006NH4217S0000TL/ finca rexistral n° 53.982. Sur, finca de D. Manuel Fuentes Martínez e acceso. Leste, finca ref. Cat. 1872001NH4217S00001UB. Oeste, finca cat. n° 1872006NH4217S0000TL/ finca rexistral n° 53.982.

Visto que, en data 17-02-2015, en base aos razoamentos contidos nos ditos informes técnicos municipais, púxose no coñecemento do único propietario colindante co terreo a desafectar aparte do interesado, D. Enrique García Lorenzo, a substanciación do procedemento en curso para que, no prazo de 15 días, se pronunciase sobre si lle interesaba ou non a merca da parte proporcional que lle puidera corresponder segundo o racional criterio de ordenación a confeccionar pola Oficina Técnica Municipal, coa presunción de que non lle interesaría si non se pronunciaba expresamente sobre o seu eventual interese, unha vez transcorrido o significado prazo, o que supoñería a implícita renuncia ao seu dereito. Salvo erro ou omisión, non consta recibido o seu expreso pronunciamento, polo que cabe presumir *iuris tantum* o seu desinterese na adquisición así como a renuncia ao seu dereito como titular dominical colindante, resultando así que, dos 2 propietarios colindantes con dereito (D. Manuel Fuentes Martínez e D. Enrique García Lorenzo), só 1 deles (D. Manuel Fuentes Martínez) está interesado na adquisición do terreo, unha vez desafectado e investido co carácter de parcela sobrante.

Visto que, o día 04-03-2015, D. Manuel Fuentes Martínez completou o seu parecer cun novo escrito en virtude do que, por unha banda, aceptou o prezo/m² (22,05 €) establecido nos seus informes por parte do Perito Agrícola Municipal; por outra parte, reafirmou a súa vontade de adquirir a totalidade do terreo obxecto da desafectación e declaración de parcela sobrante (899,00 m²); e, finalmente, asumiu o compromiso de agregala á finca colindante da súa propiedade (finca cat. n° 1872006NH4217S0000TL; finca rexistral n° 53.982), no prazo que determine o Concello, sendo os gastos á súa costa.

Visto o informe xurídico emitido en data 30-04-2015 polo T.A.X.-Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto o informe xurídico emitido en data 29-05-2015 pola Secretaria Xeral municipal.

Vista, en definitiva, a xustificación que fai o Perito Agrícola Municipal do carácter de parcela sobrante do terreo do que a súa desafectación se interesa, e considerándoo de interese público esta Alcaldía.

Vistas, entre outras, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Regulamento de Bens das Entidades Locais de 1986, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 9/ 2.002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e concordantes.

Vistos, especialmente, os arts. 22.2.l) e 47.2.n) da significada Lei 7/ 1985, do 2 de Abril.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, acadado en sesión do 30-07-2015.

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o procedemento de desafectación do terreo radicado onde se atopaba a fosa séptica de Figueroa de Arriba (ref. cat. 1872005NH4217S0001BB) segundo a seguinte descrición, por considerar que reúne os trazos legalmente esixibles de parcela sobrante, de acordo coa información técnica obrante no expediente:

Superficie	Leiras colindantes
899,00 m2	Norte, finca ref. cat. nº 1872006NH4217S0000TL/ finca rexistral nº 53.982. Sur, finca de D. Manuel Fuentes Martínez e acceso. Leste, finca ref. Cat. 1872001NH4217S00001UB. Oeste, finca cat. nº 1872006NH4217S0000TL/ finca rexistral nº 53.982.

Segundo.- Someter o expediente de desafectación a trámite de información pública, polo prazo de 1 mes, en virtude de anuncio exposto no Taboleiro municipal e publicado nun diario de gran difusión provincial así como no Boletín Oficial da Provincia; e, notificándose individualmente aos seguintes propietarios colindantes:

- D. Enrique García Lorenzo (Rúa San Paio, nº 72 – A Estrada)
- D. Manuel Fuentes Martínez (Rúa San Paio, nº 80 – A Estrada)

2º.- EXPEDIENTE DE DESOCUPACIÓN DE CAMIÑO COMUNAL INDEBIDAMENTE INVADIDO EN A SOMOZA - CASTRO RAMIRO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 30-07-2015.

O Alcalde en funcións: Punto número 2, expediente de desocupación de camiño comunal indebidamente invadido en A Somoza, lugar de Castro Ramiro, segundo Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente de 30 de xullo 2015.

Bueno, este é un expediente que leva iniciado moito tempo, máis alá de sete anos seguramente, é para a recuperación dun camiño público que foi ocupado por un veciño. No punto que estamos agora,

despois de todos os trámites administrativos, recursos administrativos, así como xudiciais, despois de facer o deslinde da zona estase no punto de executar a sentenza que está ditaminada.

Se hai algunha intervención... Entón, votos a favor?. Queda aprobado por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Vista a proposta do Sr. Concelleiro Instrutor, Sr. Blanco Carracedo, de data 26-05-2015, relativa á desocupación de camiño comunal indebidamente invadido en A Somoza - Castro Ramiro.

Visto o Acordo adoptado en sesión plenaria do 05-03-2015 (punto A dos de fóra da Orde do Día), en virtude do que se incoou, entre outros extremos e previos os informes e trámites preceptivos, o procedemento/acción de recuperación demanial relativo ao ben comunal radicado en A Somoza (Castro Ramiro), concretamente, entre as edificacións sitas na finca catastral nº 36017A154000020000RT (parcela 2, polígono 154) e na nº 36017A154000030000RF (parcela 3, polígono 154), contra D. José Antelo Antelo e Dna. M^a Josefa Sanmartín Oreiro, en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio, ao quedar suficientemente acreditado nos informes técnicos recabados en sede municipal, que están invadindo indebidamente, na radicación indicada, o significado camiño comunal. E, unha vez desestimado o recurso de reposición que as persoas sinaladas interpuxeran contra o Acordo plenario do 06-022014 (aprobatorio do deslinde administrativo previo, do que trae causa a nomeada recuperación do demanio).

Vista a posta de manifesto do expediente recuperatorio formado a Dna. Josefa Sanmartín Oreiro e a D. José Antelo Antelo polo prazo de 10 días (audiencia – RS nº 1373/2015, do 9 de marzo-), para que, de ser o caso, manifestasen o que estimasen oportuno ou presentasen as probas que considerasen convenientes na defensa dos seus dereitos e intereses, téndolles indicado que, de desatender o antedito ou de presentar alegacións/probas que non desvirtuasen o criterio municipal posto de manifesto na documentación e acordos previos, o Concello podería proceder, sen máis, ao exercicio material directo dunha acción de recuperación posesoria sobre o ben comunal invadido/ ocupado indebidamente, e conseguintemente requiririlles para que tivesen a amabilidade de desocupar o terreo comunal que invaden.

Vista a alegación presentada durante o devandito trámite de audiencia por parte de Dna. Josefa Sanmartín Oreiro, en data 31-02-2015 (RE. nº 3627).

Visto o informe que sobre a dita alegación asinou o Arquitecto municipal (Sr. Sanmartín Chao) en data 14-04-2015, considerando desestimables as argumentacións daquela polos motivos que de seguido se sintetizan:

...“ As alegacións achegadas ás consideracións técnicas atópanse no apartado 3 do escrito de alegacións achegadas.

3.1. “En primer lugar no se indica en qué han de consistir las obras que se presupuestan, limitándose a consignar unos valores”

O artigo 123.d. Do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece que o orzamento conterá a expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.

O Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle no artigoo 178, Orzamento de execución e contido dos proxectos en execución de obras pola Administración, co seguinte contido:

“1. O orzamento da obra que directamente vaia a seren executado pola Administración, cando se prevexa a adopción deste sistema, será o obtido como de execución material, incrementado na porcentaxe necesaria para atender ás percepcións que poidan ter lugar polo traballo ou xestión de empresarios colaboradores a que se refire o artigo 176

deste Regulamento, incluíndo, como partida independente, o Imposto sobre o Valor Engadido que corresponda.

2. Os proxectos de obras que vaian ser executados pola Administración, fóra dos supostos dos parágrafos d), g) e h) do apartado 1 do artigo 152 a Lei, deberán conter as determinacións que se recollen no artigo 124 da propia Lei. En todo caso, o orzamento estará descomposto en tres parciais, de materiais, maquinaria e man de obra, nos que se detalle de forma unitaria a repercusión dos tres conceptos sinalados en cada unha das unidades de obra, todo iso de acordo co cadro de prezos descompostos das mesmas que, en calquera caso, deberá conter o proxecto.

3. Os orzamentos descompostos tomaranse como base cando se trate de contratar materiais, maquinaria ou man de obra de forma separada. Se esta contratación fose por unidades de obra, tomarase como base o cadro de prezos que necesariamente deberá figurar no proxecto sen descomposición destes.

4. No suposto do parágrafo e) do artigo 152.1 da Lei, o orzamento do proxecto será fixado de forma estimativa e no do parágrafo f) tomando como base os prezos fixados pola Administración de conformidade co artigo 146.2 da Lei.

5. En todo caso, nos proxectos que vaian servir como base para a modalidade de execución de obras pola Administración non se poderá simplificar, refundir nin suprimir ningún dos documentos que o integran.”

O acordo plenario recolle un orzamento co contido mínimo establecido pola lexislación aplicable, contendo as partidas a descrición completa das mesmas.

Desde o punto de vista técnico esta afirmación carece de sentido, dado que as medicións e descrições das partidas realizadas por este técnico foron transcritas ao propio acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 5 de marzo de 2015, recollendo con precisión os traballos a realizar.

Este orzamento xa figuraba no informe técnico de 20 de marzo de 2012, sen que exista constancia, salvo erro ou omisión involuntaria, da existencia de alegacións, o que se informa aos efectos oportunos.

3.2. “Dicho presupuesto provisional no informa tampoco acerca de las fuentes de las que se extraen dichas cantidades”

As cantidades/importes son o resultado de multiplicar a medición (consta o informe realizado por D. José Constenla Pego e os propios datos recabados polo que subscribe e o Sr. Brea Villaverde nos traballos de deslinde) polo prezo unitario da partida (estraídos das bases de prezos das que dispón a Oficina Técnica Municipal), figurando no acordo plenario en columnas independentes ao carón da descrición, polo que estas sí figuran no mesmo.

Este orzamento xa figuraba no informe técnico de 20 de marzo de 2012, sen que exista constancia, salvo erro ou omisión involuntaria, da existencia de alegacións, o que se informa aos efectos oportunos.

3.3. “Cuesta lo mismo la obra de reposición de un supuesto camino de 54m2, como la vivienda y terreno de la exponente.”

O orzamento da obra é o obtido como de execución material, incrementado na porcentaxe necesaria para atender ás percepcións que poidan ter lugar polo traballo ou xestión de empresarios colaboradores a que se refire o artigo 176 do Regulamento, incluíndo, como partida independente, o Imposto sobre o Valor Engadido que corresponda; polo que é independente do presunto valor do inmovible sobre o que vaia a ser realizado.

3.4. “Solicitamos expresamente que se aporte documento gráfico que atestigüe el estado original supuesto al hay que reponer el camino”.

Esta actuación trae causa dun procedemento de deslinde nunha zona excluída da concentración parcelaria, para a que se ten manifestado de xeito reiterado a presumible inexistenza desta documentación debendo remitir á documentación que figura no expediente.

Compre remitir ao apartado 3.3. do informe de 20 de decembro de 2013, coa salvidade de que o camiño figura na cartografía catastral accesible de xeito telemático”... .

Visto o informe que sobre a dita alegación asinou o Enxeñeiro Técnico Agrícola municipal (Sr. Brea Villaverde) en data 22-05-2015 considerando igualmente desestimables as argumentacións daquela.

Vistos, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Vistos os arts. 21.1.k, e 22.2.j da Lei 7/ 1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, arts. 201 e 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de Abril; art. 50.17 R.O.F.).

Vista a competencia do asinante para formular esta proposta residencia no procedemento/acción significado/a, por ter sido nomeado para tal efecto por parte do Concello Pleno na súa sesión de data 05-03-2015 (punto A dos de fóra da Orde do Día).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, en sesión do 30-07-2015

ACORDAMOS:

Primeiro.- Rexeitar a alegación presentada durante o devandito trámite de audiencia por parte de Dna. Josefa Sanmartín Oreiro (31-03-2015 -RE. nº 3627-), con fundamento no argüído nos reseñados informes municipais.

Segundo.- Proceder ao exercicio material directo dunha acción de recuperación posesoria sobre o ben comunal invadido/ocupado indebidamente, e conseguintemente, requirir a Dna. Josefa Sanmartín Oreiro e a D. José Antelo Antelo, para que teñan a amabilidade de desocupar o terreo comunal que invaden.

Para este efecto, de conformidade coa indicada información técnica, deberán de presentar, no prazo 45 días, o preceptivo proxecto técnico xustificativo da obra precisa para a desocupación do camiño comunal (proxecto, estudo básico de seguridade e saúde, direccións facultativas e coordinación da seguridade e saúde en obra, etc.); obra, do que a súa execución, en ningún caso excedería do prazo de 2 meses, unha vez licenciada en sede municipal.

Isto, baixo pena da inmediata execución subsidiaria municipal, sendo os gastos á súa costa, estimados provisoriamente no informe do Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao) de data 10-02-2015, en 24.898,12 euros, segundo o seguinte detalle:

Cadro de mano de obra	Precio	Horas	Total
HONORARIOS	900,00	1,000Ud	900,00
Oficial 1ª encofrador	20,00	50,895Hr	1.017,90
Oficial 1ª ferralla	18,00	11,610Hr	208,98
Axudante ferralla	16,50	11,610Hr	191,57
Axudante encofrador	16,50	50,895Hr	839,77
Maquinista ou condutor	14,80	11,328Hr	167,65
Peón especializado	14,25	2,026Hr	28,87
Peón solto	14,23	76,275Hr	1.085,39
Colocación form. En cimentos	4,49	3,618M3	16,24
Total mano de obra:			4.456,37

Cadro de maquinaria	Precio	Horas	Total
Transporte compresor	60,00	0,068Ud	4,08
Retro-martelo rompedor 400	47,00	0,513Hr	24,11

Rulo autopropulsado 10 a 12 T	40,00	9,720Hr	388,80
Camión 10 T. Basculante	34,00	4,320Hr	146,88
Motoniveladora media 110 CV	30,00	1,620Hr	48,60
Retro-Pala excavadora	30,00	1,500Hr	45,00
Pala cargadora 1,30 M3.	22,00	3,888Hr	85,54
Cortadora fgón. Disco diamante	8,50	1,000Hr	8,50
Martelo compresor 2.000 l/min	4,00	10,800Hr	43,20
Pluma grúa de 30 mts.	3,80	24,300Hr	92,34
Montaxe e desmontaxe P.L.G 30 m	0,15	24,300Hr	3,65
Total maquinaria:			890,70

Cadro de materiais	cantidad	precio	Total
Madera pino encofrar 26 mm.	138,72	0,892M3	123,74
Formigón HA-25/P/20/ Iía central	76,68	33,750M3	2.587,95
Formigón HM-20/P/40/ I central	73,20	3,618M3	264,84
Zahorra natural	13,30	148,500M3	1.975,05
Fabr. Y tte. De hormigón	7,79	3,618M3	28,18
Encofr.desencofr.cimient.sole	3,80	36,180M2	137,48
Puntas plana 20x100	2,00	2,795Kg	5,59
Sika Parement	1,86	8,100Lt	15,07
Auga	1,51	54,000M3	81,54
Arame atar 1,3 mm.	1,13	25,860Kg	29,22
Aceiro corrugado B 500-S	0,75	1.494,788Kg	1.121,09
Total materiales:			6.369,75

Cadro de prezos nº 1			Importe	
nº	Designación		En cifra	En letra
1	P.A. xestión de residuos		1.100,00	MIL CEN EUROS
2	P.A. PARTIDA ALZADA DESTINADA AO CONTROL DE CALIDADE DOS MATERIALES.		800,00	ITOCENTOS EUROS
3	P.A. PARTIDA DESTINADA A CUBRI-LOS GASTOS DE SEGURIDADE E SAÚDE EN CUMPRIMENTO DO RD 1627/1997 POLO QUE SE DISPOÑEN AS CONDICIÓN MÍNIMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN.		1.600,00	MIL SEISCENTOS EUROS
4	M3 M3. Demolición muro de formigón armado de espesor variable, con retromartelo rompedor, i/retirada de escombros a pé de carga, maquinaria auxiliar de obra E p.p. de custes indirectos, segundo NTE/ADD-16.		38,06	TRINTA E OITO EUROS CON SEIS CÉNTIMOS
5	M2 M2. Demolición de soleira ou pavimento de formigón en masa, de 10 cm. de espesor, con retro-pala escavadora, i/corte previo en puntos críticos, retirada de escombros a pé de carga e p.p. de custes indirectos.		5,86	CINCO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS
6	M3 M3. Escavación, con compresor de 2000 l/min., en terreos de consistencia dura, para apertura de gabias, i/extracción manual de terras aos bordes e p.p. de custes indirectos.		20,31	VINTE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS
7	M2 M2. Estendido de terres procedentes da propia escavación, cun espesor máximo de 20 cm., por medios mecánicos, i/p.p. de custes indirectos.		0,85	OITENTA E CINCO CÉNTIMOS
8	M3 M3. Recheno, estendido e compactado de terras, por medios mecánicos, en tongadas de 30 cm. De espesor, i/aporte de las mesmas, regado y p.p. de custes indirectos.		24,36	VINTECATRO EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS
9	M3 M3. Formigón armado HA-25/P/20/ Iía N/mm2, con tamaño máximo del árido de 20mm., elaborado en central en recheno de zapatas de cimentación, i/armadura B-500 S (40 Kgs/m3), encofrado e desencofrado, vertido por medios manuais, vibrado e colocación. Segundo CTE/DB-SE-C y EHE-08.		189,36	CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS
10	M3 M3. Formigón armado HA-25/P/20/ Iía N/mm2, con tamaño máximo del árido de 20 mm., elaborado en central en recheno de muros, incluso armadura B-500 S (45 kg/m3), encofrado e desencofrado con panel metálico, a dúas caras, vertido por pluma-grúa, vibrado e colocado. Segundo CTE/DB-SE-C e EHE-08.		298,25	DOUSCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON VINTICINCO CÉNTIMOS
11	Ud Ud. Redacción de proxecto técnico e Estudio Básico de Seguridad		954,81	NOVECIENTOS CINCUENTA E

	e Saúde e as correspondentes direccións facultativas e coordinación en materia de seguridade e saúde.	CUATRO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS
12	Ml Ml. Cuneta triangular revestida de formigón HM-20/P/40/IIA (e=0.10 m), taludes 2/1-2/1 y profundidad 0.30 m.	17,55DEZASETE EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS

UDS	DESIGNACIÓN	MEDICIÓN	PREZO	IMPORTE
		N	UNIT.	
	Demolición muro de formigón armado de espesor variable, con retromartelo rompedor, i/retirada de escombros a pie de carga, maquinaria auxiliar de obrae p.p. de M ³ custes indirectos, según NTE/ADD-16.	1,080	38,06	41,10 €
	Demolición de soleira ou pavimento de formigón en masa, de 10 cm. De espesor, con retro-pala escavadora, i/corte previo en puntos críticos, retirada de M ² escombros a pé de carga e p.p. de custes indirectos.	20,00	5,86	117,20 €
	Escavación, con compresor de 2000 l/min., en terreos de consistencia dura, para apertura de gabias, i/extracción manual de terras aos bordes e p.p. de custes M ³ indirectos.	13,50	20,31	274,19 €
	Formigón armado HA-25/P/20/ Iia N/mm2, con tamaño máximo del árido de 20 mm., elaborado en central en recheno de muros, incluso armadura B-500 S (45 kg/m3), encofrado e desencofrado con panel metálico, a dúas caras, vertido por pluma-grua, M ³ vibrado e colocado. Segundo CTE/DB-SE-C e EHE-08.	20,25	298,25	6.039,56 €
	Formigón armado HA-25/P/20/ Iia N/mm2, con tamaño máximo del árido de 20mm., elaborado en central en recheno de zapatas de cimentación, i/armadura B-500 S (40 Kgs/m3), encofrado e desencofrado, vertido por medios manuais, vibrado e M ³ colocación. Segundo CTE/DB-SE-C y EHE-08.	13,50	189,36	2.556,36 €
	Recheno, estendido e compactado de terras, por medios mecánicos, en M ³ tongadas de 30 cm. De espesor, i/aporte das mesmas, regado e p.p. de custes indirectos.	135,0	24,36	3.288,60 €
	Estendido de terras procedentes da propia escavación, cun espesor máximo de M ² 20 cm., por medios mecánicos, i/p.p. de custes indirectos.	54,00	0,85	45,90 €
	Cuneta triangular revestida de formigón HM-20/P/40/IIA (e=0.10 m), noiros M2/1-2/1 y profundidade 0.30 m.	27,00	17,55	473,85 €
	Redacción de proxecto técnico e Estudo Básico de Seguridade e Saúde e as correspondentes direccións facultativas e coordinación en materia de seguridade e saúde.	1	954,81	954,81 €
Ud	Xestión de residuos	1	1.100,0	1.100,00 €
Ud	Control de calidade	1	800,00	800,00 €
Ud	Seguridade e saúde	1	1.600,0	1.600,00 €
TOTAL ORZAMENTO				17.291,57€

Resumo do orzamento	
Capítulo 1 DEMOLICIÓNS	158,30
Capítulo 2 ACONDICIONAMENTO DO TERREO E OBRA CIVIL	12.678,46
Capítulo 3 OUTROS	954,81
Capítulo 4 XESTIÓN DE RESIDUOS	1.100,00
Capítulo 5 CONTROL DE CALIDADE	800,00
Capítulo 6 SEGURIDADE E SAÚDE	1.600,00
Orzamento de execución material	17.291,57
13% de gastos xerais	2.247,90
6% de beneficio industrial	1.037,49
Suma	20.576,96
21% IVA	4321,16
Orzamento base de licitación	24.898,12 €

Ascende o orzamento base de licitación á expresada cantidade de VINTE E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS E DOCE CÉNTIMOS.

Terceiro.- Notificar este Acordo, individual e nominalmente, para coñecemento e efectos, aos propietarios colindantes:

- Dna. Nélica Concepción Sánchez Calviño, con enderezo na rúa Ángeles Rodríguez González nº 39, O Castiñeiriño – 15702 Santiago de Compostela

- Dna. Josefa Sanmartín Oreiro e D. José Antelo Antelo, con enderezo na rúa Galicia nº 14, 1º esquerda – 15841 Santa Comba.

Cuarto.- Comunicar este Acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada, para coñecemento e efectos.

Quinto.- Comunicar este acordo á Xerencia Territorial do Catastro en Pontevedra, para coñecemento e efectos residenciados nas fincas coas referencias catastrais números nº 36017A154000020000RT (parcela 2, polígono 154) e 36017A154000030000RF (parcela 3, polígono 154) .

Sexto.- Notificar este acordo á Intervención de Fondos Municipais, para coñecemento e efectos.

3º.- EXPEDIENTE Nº 1/2015 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 30-07-2015.

O Alcalde en funcións: Punto número 3, expediente nº 1/2015 de modificación das Bases de Execución Orzamentarias, segundo Ditame da Comisión Informativa e Especial de Contas do 30 de xullo de 2015. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

Sr. Alberto Blanco, Concelleiro delegado de Facenda: Boas tardes. Para dar cumprimento ao Acordo tomado o 18 de xuño de 2015 por este Pleno, é preceptivo proceder á modificación das Bases de Execución orzamentaria, co cual se plantexa a nova redacción tanto da Base nº 48 como da Base Adicional Única de subvención a grupos políticos.

O Alcalde en funcións: Algunha intervención?. Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

Sra. Belén Louzao, Concelleira do PSdeG-PSOE: Ben, ao respecto do referido Acordo, o que se fai é facer precisamente, como dicía o portavoz do Partido Popular, unha modificación que o posibilite levalo adiante

(interrupción do audio)

Sra. Belén Louzao: Como ía dicindo nos vamos a remitir ao debatido xa no Pleno de Organización, reiterando, polo tanto, o non apoio ao incremento de gastos destinado a órganos de goberno e a partidos, porque entendemos que somos elixidos para servir aos cidadáns e non garantir intereses particulares nin persoais de ningún grupo político nin de ningún Concelleiro ou Concelleira, polo tanto no Pleno de Organización votamos e contra da subida de 100.000 euros aprobada para repartir entre o Alcalde, os seus Concelleiros de dedicación e os seus cargos de confianza, o mesmo que fixemos e votamos en contra do incremento dos gastos con destino a partidos políticos; por eso, como dicía, remitíndonos a ese debate, entendemos que se non hai cartos para obra pública ou para alumeados, dende logo non entendemos como pode habelo para este tipo de gasto do Concello. Así que, como dicía, vamos a votar en contra desta modificación que permite levar adiante o Acordo adoptado no Pleno en contra do que votamos.

O Alcalde en funcións: Moi ben...

(interrupción do audio)

Sra. María del Mar Blanco, Concelleira de MÓVETE: Neste tema, como en todos os demais, nós mantemos unha postura de esquerdas e unha ética de esquerdas, por eso defendemos e defenderemos, traballamos e traballaremos pola igualdade en todos os planos e tamén neste. Todas as organizacións políticas temos o mesmo dereito que nos garante un mínimo para realizar as nosas funcións como ferramenta en defensa dos nosos veciños da Estrada e do ben común, e isto foi o que defendimos no Pleno do 18 de xuño e que defenderemos hoxe e o que defenderemos sempre.

Sr. Alcalde en funcións: Moitas gracias. Doulle a palabra ao Concelleiro do Partido Popular, D. Alberto Blanco.

Sr. Alberto Blanco: Ben, desde o grupo do Partido Popular tamén cremos na autosuficiencia dos grupos municipais para poder exercer os seis dereitos e das súas obrigacións, e tamén cremos no mantemento da palabra, por eso tamén nos remitimos ao Pleno de Organización así como a aquelas reunións donde os catro grupos municipais chegamos a un acordo que, finalmente, non foi respectado por algún grupo municipal. Nós si mantemos o acordado, e sinalar que algunha proposta en concreto foi formulado por alguén concretamente que agora non a quere apoiar.

Sr. Alcalde en funcións: Ben, damos por terminado o debate. Procedemos á votación. Votos a favor?, votos en contra?, grupo socialista. Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS** cos votos a favor do PP (10) e MÓVETE (1), e en contra do PSdeG-PSOE (8) :

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda de data 24-07-2015.

Vistos os acordos plenarios adoptados na sesión do 18 de xuño de 2015 e co fin de darlle o debido cumprimento.

Visto o informe de Intervención de data 28 de xullo de 2015.

Visto o Ditame acadado na Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión do 30-07-2015.

ACORDAMOS:

Aprobar o expediente de modificación das BEO, número 1/2015, concretamente, da Base nº 48, parágrafo primeiro e Base Adicional Única, parágrafo segundo, nos seguintes termos:

Primeiro.- Con respecto á “BASE 48ª:

Onde di:

48ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN”

1º) As Retribucións e indemnizacións dos membros do Concello rexeranse polo disposto no vixente Acordo tomado polo Pleno do mesmo. Por asistencias a órganos colexiados percibirán 57,70 euros os concelleiros membros e 91,35 euros o presidente, excluídos os que teñan dedicación exclusiva ou parcial. Cando deban

asistir a reunións de órganos similares en representación do Concello percibirán 57,70 euros por asistencia.”

Debe dicir:

“BASE 48ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1º) As indemnizacións por asistencias a órganos colexiados correspondentes aos membros da corporación que non teñan recoñecida dedicación exclusiva ou parcial serán de 72,12 euros por cada sesión, presidencias incluídas. Cando deban asistir a reunións de órganos similares en representación do Concello percibirán 72,12 euros por asistencia.”

Segundo.- No que se refire á “BASE ADICIONAL ÚNICA: SUBVENCIÓN A GRUPOS POLÍTICOS”

Onde di:

“Ante a imposibilidade de dar cumprimento ó expresado precepto, dotando aos grupos políticos de locais nas dependencias municipais e dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais, como se puxo de manifesto nos reiterados intentos de levalo a cabo, e tendo en conta o previsto no artigo 73-3 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 11/99 e acordo plenario de 2 de febreiro de 2012, fíxase unha cantidade por grupo político de 72,13 euros mensuais e 24,04 euros por Concelleiro e mes. Estas cantidades aboaranse a cada grupo político na conta que se indique polo portavoz de cada grupo, coas limitacións e obrigas que determina o referido artigo 73-3 da Lei 7/985. Ditas dotacións non poderán destinarse ó pagamento de retribucións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou adquisicións de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.”

Debe dicir:

“Ante a imposibilidade de dar cumprimento ao expresado precepto, dotando aos grupos políticos de locais nas dependencias municipais e dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais, como se puxo de manifesto nos reiterados intentos de levalo a cabo, e tendo en conta o previsto no artigo 73-3 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 11/99 e acordo plenario de 2 de febreiro de 2012, fíxase unha cantidade por grupo político de 375,00 euros fixos mensuais e 24,04 euros por Concelleiro e mes. Estas cantidades aboaranse a cada grupo político na conta que se indique polo portavoz de cada grupo, coas limitacións e obrigas que determina o referido artigo 73-3 da Lei 7/985. Ditas dotacións non poderán destinarse ao pagamento de retribucións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou adquisicións de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.”

Terceiro.- Este expediente de modificación do orzamento que se aproba inicialmente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177,2 do R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5

marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e no artigo 38,2, en relación co 20,1, do R. Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Cuarto.- Este expediente considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4º.- MOCIÓN DE GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE APOIO Á REIVINDICACIÓN DOS TRABALLADORES LOCAIS DE CORREOS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMACIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-07-2015.

O Alcalde en funcións: Punto número 4: Moción do grupo municipal do Partido Socialista de Galicia PSOE de apoio á reivindicación dos traballadores locais de Correos, segundo Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de 30 de xullo. Ten a palabra Dña. Belén Louzao.

Sra. Belén Louzao: Gracias Sr. Constenla. En efecto, esta moción que os socialistas rexistramos o fixemos despois de coñecer que se fixera público o malestar do persoal de Correos na Estrada, que leva a cabo o seu traballo no noso concello; é un malestar que xa ven dende atrás, dende que se ven producindo unha reestruturación no grupo local de Correos, unha reestruturación que fai que se reduciara persoal, que se veu agravada pola falta de reposición de persoas para cubrir vacacións e para cubrir baixas prolongadas, por iso, entendendo a súa reivindicación, apoiamos a mesma que nos trasladaban... que nos achegaban as súas propostas e nos trasladaban unha solicitude de apoio, un pronunciamento da Corporación. Por iso rexistramos esta moción e a levamos a Ditame da Comisión para que viñese hoxe a este Pleno.

Si todos indagamos un pouco (seguro que todos o fixemos), o grupo de Correos ten entre os seus obxectivos prestar servizo postal universal con eficiencia, calidade e coa presenza territorial posible, por iso estou segura, certa, de que, como Concelleiros e Concelleira da Estrada, coincidimos en que é un servizo necesario para os nosos veciños e veciñas, sobre todo pola importancia do noso rural e da vida nas parroquias, e que como defensores do noso concello entendemos que, dende o grupo socialista, un rural dinámico se fai con todas as garantías dos cidadáns que viven nas distintas parroquias para poder desenvolver en plenitude o seu día, por eso cremos que o recortar servizos nos leva inevitablemente á perda e ao abandono da vida das nosas parroquias, que é unha das riquezas do noso pobo; por eso propoñemos esta moción, como digo, levada a Ditame de Comisión para vir hoxe a este Pleno, na que se pide un recoñecemento do traballo, da labor desenvolvida polo persoal do grupo Correos da Estrada, da súa importancia para o día a día dos nosos veciños, e na que pedimos dar traslado ao Grupo Correos de un pronunciamento municipal solicitando que se poña a disposición de persoal necesario para poder desenvolver este servizo público universal con calidade e de xeito eficiente, de xeito diario en todo o territorio estradense, permitindo a realización, como digo, do reparto diario e evitando a sobrecarga do persoal que ven sufrindo pola falta e polos recortes na plantilla local. Moitas gracias.

O Alcalde en funcións: Moitas gracias Sra. Louzao.

Sra. María del Mar Blanco: Nós estamos a favor desta moción presentada polo grupo socialista, valor real que adoitan ter este tipo de iniciativas, consideramos positivo que este Pleno se manifeste para garantir un servizo tan necesario para a cidadanía e

en favor de manter a xestión pública eficiente do mesmo. Cumpre que o goberno central abandone as medidas que están a deteriorar este servizo cunha clara intencionalidade de avanzar cara a unha privatización do mesmo; as consecuencias dos recortes que se están a aplicar en Correos teñen un impacto maior en concellos como o noso, onde o reparto na zona rural supoñe unha elevada carga de traballo a asumir por unha plantilla especialmente mermada na tempada estival. En definitiva, en aras da defensa do servizo pública e na defensa dos dereitos do persoal traballador de correos, manifestámonos a favor desta moción.

O Alcalde en funcións: Moitas gracias Sra. Blanco. D. Alberto Blanco....

Sr. Alberto Blanco: Ben, o grupo popular, como manifestou na Comisión, apoia esta moción en defensa, neste caso, o servizo de correos, na optimización de todo tipo de servizos a favor do cidadano.

O Alcalde en funcións: Ben, despois da exposición dos grupos políticos presentes no Pleno e vendo que todos estamos de acordo de que é necesario incrementar o persoal sobre todo na época estival, sobre todo na Estrada pola gran dispersión que temos no noso rural, e visto que estamos todos de acordo, procedemos a votar a mesma. Votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo Grupo Municipal Socialista con data 24-07-2015 (RE nº 9844) que se transcribe de seguido:

“Días atrás, fíxose público o malestar do persoal local de Correos, ao denunciar a perda de tres efectivos tras a reestruturación en xuño e a non substitución do persoal de vacacións, constando a falta de catro persoas por este motivo nas datas de denuncia pública. Así mesmo, representantes do persoal trasladaban que como consecuencia da reestruturación e da falta de contratación de persoal para efectuar as substitucións necesarias a carga de traballo fai imposible realizar o reparto de xeito diario en todo o territorio estradense.

A Estrada é un concello situado ao norte da provincia de Pontevedra, estendese entre os límites da comarca de Santiago polo norte, ao este a comarca do Deza, polo oeste coas comarcas de Caldas e Pontevedra e ao sur coa comarca do Carballiño. O seu territorio ocupa 281 quilómetros cadrados, distribuídos en 51 parroquias e máis de 450 núcleos de poboación.

O propósito do Grupo Correos – segundo se recolle na súa páxina web- é ser o maior provedor de servizos de comunicación físicos, electrónicos e de paquetería. Ese obxectivo inclúe prestar o servizo postal universal, con eficiencia, calidade e sostibilidade. Para acadar estes fins dispón dos mellores profesionais, a maior presenza territorial e os equipamentos máis innovadores, que converten Correos na mellor rede de servizos de valor e confianza e un actor fundamental nas relacións dos cidadáns coas Administracións Públicas e as empresas.

Os socialistas apostamos por un rural dinámico e con todas as garantías para que os cidadáns poidan desenvolver nel a súa vida en plenitude. Recortar servizos conduce, inexorablemente, á perda de poboación e ao abandono das parroquias. Nun concello coma o noso, no cal a maioría da poboación reside nas parroquias, o

mantemento dos servizos prestados polos profesionais de Correos é fundamental.”

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 30-07-2015.

ACORDAMOS:

Primeiro.- O Pleno da Corporación do Concello da Estrada reconece e pon en valor a importancia que para os veciños da Estrada teñen os servizos prestados polo Grupo Correos, sendo un servizo necesario no día a día da cidadanía, motivo polo que se dirixe a esta entidade solicitando a disposición do persoal necesario para poder desenvolver este servizo público universal con calidade e de xeito eficiente en todo o territorio estradense, permitindo a realización de reparto diario en todos os núcleos de poboación, evitando a sobrecarga de persoal de reparto e permitindo que os traballadores e traballadoras poidan exercer os seus dereitos laborais de descanso.

Segundo.- Dar traslado deste Acordo, para coñecemento e efectos, á Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, S.A., con enderezo na Avda Fernández Ladreda nº 43 – 36003 Pontevedra.

5º.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE CONTRA O ACORDO ADOPTADO NA SESIÓN PLENARIA DE 18 DE XUÑO DE 2015, RELATIVO Á DISTRIBUCIÓN DOS VOGAIS PARA A CONSTITUCIÓN DO PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMACIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIIS DE 30-07-2015.

O Alcalde en funcións: Punto número 5º do Pleno, recurso de reposición interposto polo grupo municipal do PSdeG-PSOE contra o Acordo adoptado na sesión plenaria de 18 de xuño de 2015, relativo á distribución dos vogais para a constitución do Padroado da Fundación Cultural da Estrada, segundo Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de 30 de xullo 2015. Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

Sra. Belén Louzao: Gracias. Ben, como xa é coñecido, en aras do que se recolle no Réxime Xurídico das Administracións Públicas, este grupo político presentou un recurso potestativo de reposición ante este Pleno, que é o órgano que ditou dito Acordo, que impugna un Acordo do 18 de xuño con respecto á distribución da representación municipal na Fundación Cultural, onde se elevaba a cabo... **(interrupción do audio)**..., entendemos que lesiona os dereitos de representación e os dereitos de participación do grupo socialista.

A Fundación Cultural é un órgano, ten, perdón, como órgano de dirección un Padroado e a súa composición está regulada sendo norma legal, polo tanto os seus Estatutos nos que se di literalmente no artigo 10: “Na representación do Concello formarán parte de dito órgano de dirección, como Presidente o Alcalde e sete vogais, vogais (perdón) de libre designación polos grupos políticos integrantes da Corporación, respectando a súa proporcionalidade no Pleno”. Ben, a proposta aprobada o 18 de xuño entendemos que non respecta a proporcionalidade con representación de Concelleiros e Concelleiras neste Pleno, polo tanto vulnera esa Lei e ademais, como dicíamos, esa Lei que son os Estatutos, ademais, como dicíamos, lesiona os dereitos de representación obtidos polo Partido Socialista cos seus 4.778 votos que se traducen neste Pleno, que creo que é o que se debe trasladar proporcionalmente en 8 Concelleiros e se lesiona os

seus dereitos de participación. Por iso trasladamos neste recurso unha proposta, que é a que foi ditaminada en Comisión, de reparto desas 7 vocalías, mantendo a decisión de outorgar un vocal aos grupos MÓVETE e BNG, propoñemos, polo tanto, que os restantes representantes vocais se axuste á proporcionalidade de 21 concelleiros sobre sete, rodeando á baixa, correspondente ao Partido Popular 3 representantes e ao Partido Socialista 2 representantes. Como dicimos, esa é a nosa proposta, que entendemos máis xusta, e por eso traemos en xeito de recurso, amparados pola lei, a este órgano, competente para resolvelo por ser o órgano que o ditou. Gracias.

O Alcalde en funcións: Moitas gracias Sra. Louzao. Sra. Mar Blanco.

Sra. María del Mar Blanco: Dende o grupo municipal de MÓVETE, sempre estaremos a favor da garantir a pluralidade e a representatividade en todos os organismos municipais de cara a avanzar de cara a uns entes máis democráticos e participativos. Hoxe apoiamos este recurso presentado polo grupo municipal do PSOE ao entender que se axusta a estos principios e seguiremos defendendo esta mesma pluralidade no outro organismo no que este Concello ten representación.

O Alcalde en funcións: Moitas gracias Sr. Blanco. D. Alberto Blanco.

Sr. Alberto Blanco: Ben, partindo da premisa que considera ineludible ao Partido Popular de que a todos los grupos municipais corresponden ter voz no Padroado así como no resto dos órganos de representación, a única forma que outorgaba proporcionalidade foi a que se aprobou no seu momento no Pleno de Organización, porque temos que ter en conta de que si o Partido Popular ten a maioría dos Concelleiros en este Pleno, ten que ter a maioría deses 7 vocais; a pesar deso non temos obxección ningunha en ceder un vocal en favor do Partido Socialista a pesar de que o resultado final non recolle a proporcionalidade porque esto é un tema de matemáticas e non hai moito que discutir

(intervencións que non se aprecian no audio)

Sr. Alberto Blanco: Cómo? Bueno, agora si quere me lo conta.

O Alcalde en funcións: Bueno, unha vez presentadas as obxeccións presentadas ao recurso de reposición presentado polo partido do PSdeG-PSOE, procedemos á votación. Votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adoptar, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o Acordo adoptado en sesión plenaria do de 18 de xuño de 2015 (punto 14º da Orde do Día) no que se estableceu:

“Asignar aos grupos políticos a designación de 7 vocais no Padroado da Fundación Cultural da Estrada, do seguinte xeito: 4 ao grupo do PP, 1 ao grupo PSdeG-PSOE, 1 ao grupo do BNG e 1 ao grupo de MOVETE.

A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo Voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía.

O nomeamento, en execución deste Acordo, se realizará por Decreto da Alcaldía”

Visto o Recurso Potestativo de Reposición formulado polo Grupo municipal Socialista fronte ao devandito acordo plenario, con data 09-07-2015(RE nº 9267).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 30-07-2015.

ACORDAMOS:

Modificar o Acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión do 18 de xuño de 2015 (punto 14º da Orde do Día), relativo á distribución de representantes municipais para o Padroado da Fundación Cultural, de xeito que se lle da unha nova redacción, quedando do seguinte xeito:

“Asignar aos grupos políticos a designación de 7 vocais no Padroado da Fundación Cultural da Estrada, do seguinte xeito: 3 ao grupo do PP, 2 ao grupo PSdeG-PSOE, 1 ao grupo do BNG e 1 ao grupo de MOVETE.

A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo Voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía.

O nomeamento, en execución deste Acordo, realizárase por Decreto de Alcaldía”

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

6º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2015 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

O Alcalde en funcións: Punto número 6, dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2015 (ambos os dous inclusive)

Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2015 (ambos os dous incluídos), que comprenden dende a nº 745/2015 á nº 847/2015.

O Concello en Pleno queda sabedor.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde en funcións: Punto número 7 é rogos e preguntas. Sra. Louzao.

Sra. Belén Louzao: Vamos a trasladar no día de hoxe unha serie de rogos, algúns deles xa son coñecidos por este grupo de goberno... **(corte de audio)**... a falta de acción por parte do grupo de goberno... **(corte de audio)**... nos trasladar os veciños de A Grela, piden, e así llo fixeron saber ao grupo de goberno... **(corte de audio)**... que se repoña un dos contedores de residuos orgánicos que existían na súa parroquia, na súa zona de esta aldea, posto que os levaron os operarios municipais e nunca máis os devolveron, por iso pedimos que se repoñan de xeito urxente porque como seguramente son coñecedores, a acumulación de residuos orgánicos nesta temporada estival fai que estean tirados polo chan e cando teñan que ir a recollelos os funcionarios do servizo de recollida pois que estean

ciscados polo chan, polo tanto pedimos que se repaña este servizo na Grela.

Trasladamos tamén un rogo dos veciños da 2ª Travesía de Fernando Conde, que nos din que tamén xa se puxeron en contacto co goberno para pedirilles que o Encargado da iluminación pública se pasase pola súa rúa posto que a iluminación tal e como está situada nestos momentos de noite non lles facilita o tránsito por esta rúa, senón que están enfocados hacia outro lado, deixando en escuridade o que é a 2ª Travesía Fernando Conde. Por es pedimos que os encargados do departamento que leva alumado público se dirixan para ver o que acontece nesta rúa do noso concello.

Gustaríamos solicitar como grupo municipal tamén e o pedimos aquí para que se prepare e se nos notifique cando estea lista para o recoller, unha copia dos expedientes que recollen a dotación de mobiliario no primeiro piso do Mercado da Praza de Abastos, creo que hai polo menos un par de contratos ao respecto e queremos que se preparen estes expedientes polos que se contrata a dotación de mobiliario no primeiro piso da Praza de Abastos para que poidamos efectuar a labor de fiscalización que nos outorga a lei.

Trasladar unha pregunta, neste caso pois Sr. Alcalde en funcións seguramente a pode responder porque é da súa área, nos gustaría saber cal é o protocolo que se utiliza, que se está a levar adiante no Concello para a alteración de recollida de augas pluviais. Todos sabemos que nas parroquias as augas pluviais se recollen e se utilizan na maioría dos casos para os cultivos agrarios, para utilizar na mellora dos cultivos do mesmo, por eso nos gustaría saber cal é a política que están a utilizar para alterar a distribución, o percorrido destas augas dun lado a outro, saber quen fai os informes, se existen expedientes ao respecto, si hai autorizacións, se se poñen en contacto cos veciños para facer este tipo de modificacións de alteración de pluviais. Moitas grazas.

Sr. Alcalde en funcións: Moitas grazas Sra. Louzao. Como ben sabe, o que son as augas de escorrentía nas parcelas e nos predios rurais teñen o seu descurrir por un lado e, polo outro lado, as presas que están consolidadas polo uso durante o tempo de regadío das... Non sei si me quere aclarar algún punto concreto, si é que hai algunha alteración? Ou se é algo xenérico?, hai algún punto concreto?, se foi feito por parte do Concello, pois terei que mirar haber quen realizou o tema e saber se hai algún informe concreto sobre este punto.

En canto ao rogo do contenedor de A Grela, vostede sabe que durante o período do inverno pois é suficiente ese contenedor e, por suposto, co incremento da poboación no período estival procederase a colocar un contenedor máis nese lugar de Codeseda.

En canto ao expediente de dotación do primeiro piso da Praza de Abastos, non hai ningún conveniente que pasen por Secretaría a solicitalos para que se lle dea trámite, xa llos traslado a eles.

Algunha pregunta?

Sra. Belén Louzao: Perdón, quedábame un e non quero que os veciños sintan que non llo trasladábamos, porque así no lo pedían (**corte de audio**)... rogamos por enésima vez que se cumpra cos veciños o acordado e que se poña no lugar de O Rego a luz que este goberno comprometeu cos veciños de Remesar. Grazas.

Sr. Alcalde en funcións: Grazas, procederemos a mirar. Sra. Mar Blanco, ten vostede a palabra.

Sra. María del Mar Blanco: Nós tamén traemos uns cantos rogos e algunha pregunta. Os veciños de Ouzande pídennos que lle recordemos ao Alcalde unha promesa que el lles fixo persoalmente

sobre a creación dun paso peóns nas inmediacións da igrexa, é unha dotación que levan xa moitos anos pedindo e é moi necesaria porque é unha zona bastante concorrida, entón, polo tanto, reclaman un paso de peóns así un pouco sobreelevado e dúas sinais que anuncie o paso do mesmo.

Outro rogo son as melloras no campo de fútbol de A Somoza, os mozos de A Somoza que xogan no campo de fútbol situado nunha parcela colindante coa escola reclaman unhas redes para as porterías porque actualmente non as teñen e que o Concello se faga cargo de limpar o campo cada certo tempo porque nacen herbas e silvas. Así como tamén arranxar un pequeno valado que hai alí e que se derrumbou.

Outro rogo é que se actualicen as actas plenarias, xa que a última é do 7 de maio, así que dende o grupo municipal de MÓVETE instamos a que procuren a ter as actas dos Plenos actualizadas e a disposición dos veciños interesados na páxina web, tendo en conta que a actualización das mesmas é máis áxil.

O último rogo é a colocación dun baño público na Alameda que cumpra os requisitos legalmente establecidos para ofrecer os servicios a diversos usuarios e que garanten a normas de accesibilidade.

Como preguntas temos unha, queríamos coñecer si actualmente se está a cumprir o establecido no Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais; e baixo que criterio se elixiu a empresa Decoideas, S.L para mercar as sillas destinadas á Casa das Letras e si esta é a primeira remesa de sillas que se merca ou xa se comprara unha remesa anterior cando se inaugurou a Casa das Letras?. Gracias.

Sr. Alcalde en funcións: En canto á normativa contra o lume na Estrada, pois estamos... temos dous Convenios coa Consellería de Medio Rural e do Mar, un é a contratación e disposición na Base de Protección Civil de tres motobombas durante o período estival para atender os incendios para os que sean reclamados, podo dicir que fai dous días foi reclamada para atender un incendio na Golada porque alí non había, por suerte o servizo que teñen... a Base que teñen é para chegar a un maior espazo posible, así como á contratación das Brigadas contra incendios que están no período de maior índice de incendios forestais. Son dos Convenios que temos coa Consellería de Medio Rural e do Mar que se firman todos os anos e este ano, por suposto, tamén.

En canto ás sillas da Casa da Letras, é unha segunda remesa, xa que a primeira saíron defectuosas porque as primeiras... aquilo parecía un acordeón en vez dunhas sillas, que nada máis sentarse se esparramaban, debía ser un defecto de fabricación ou de almacenaxe da empresa subministradora, agora son as segundas sillas que se compran, por suposto as primeiras non se pagaron.

En canto aos rogos presentados, se terá en conta a colocación dun paso de peóns en Ouzande, por suposto a colocación dun badén ou un paso elevado é complicado, hai que cumprir unhas normas de seguridade legais, estase estudando para poder poñelo, se non é así pois colocar as debidas señales de redución de velocidade. Sabemos que hai moitas veces que as señales non son suficiente para que a xente cumpra.

Recollo o rogo da limpeza do campo de fútbol de A Somoza, así como o de arreglar alí o valado, que é unha masa común do Concello.

A actualización das actas plenarias, como ben vedes no Orde do Día a Secretaria aínda non a había transcrito e pois quedará para o vindeiro Pleno que se celebre.

O baño público da Alameda, pois antes o quiosco da Alameda cumpría con esa función non?. Como ben sabedes non podemos facer uso desa instalación, non é propiedade municipal, ten unha concesión e se está a ver a posibilidade de rescindir esa concesión e poder

aproveitar esas instalacións para poder dar servicio a todos os usuarios da Alameda.

Algunha pregunta máis?. Seguindo o Regulamento de Participación Cidadá aprobado neste Concello da Estrada, se hai algunha persoa presente que desexe formular algún rogo ou algunha pregunta ao Pleno, previa identificación, procederáase a escoitala.

Se non hai nadie, pois levantamos la sesión. Moitas gracias por asistir e que pasen bo verano.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas quince minutos.

A Estrada, 6 de agosto de 2015
A SECRETARIA ACCTAL.,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas